

Segundo o establecido na Orde do 10 de maio de 2023 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en EP, ESO e EE en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2023/24,

o CPI de San Vicente establece os seguintes **PRAZOS** para a xestión das solicitudes de participación no **FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO** (3.º e 4.º de Primaria):

- Publicación de **listaxes provisionais** de solicitudes admitidas e excluídas: **3 de xullo**
(Na listaxe provisional de solicitudes excluídas indicarse a causa de exclusión: por estar presentadas fóra de prazo; por falta de emenda das deficiencias da solicitude e/ou da documentación; ou por falta de devolución dos libros de texto recibidos do fondo solidario ou adquiridos coa axuda nos cursos anteriores.)
- **Reclamacións: 4 e 5 de xullo**
- Publicación das **listaxes definitivas** de solicitudes admitidas e excluídas: **10 de xullo**
(A listaxe definitiva de solicitudes admitidas incluírá os libros asignados a cada alumno/a.)
- **Entrega dos libros** asignados: a semana do 11 ao 15 de **setembro**, polo profesorado titor.

En canto ás **AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR**, o día **10 de xullo** o centro publicará a **relación de solicitudes con indicación das deficiencias detectadas ou documentación de que carezan**, para que a persoa solicitante **no prazo de dez (10) días hábiles emende** as deficiencias ou remita os documentos preceptivos.

A partir do día 11 de xullo poderán recollerse os vales na administración do centro.

A publicación destes actos axustarase ao previsto no artigo 13, polo que se publicarán única e exclusivamente **no taboleiro de anuncios situado no interior do recinto escolar**. Así mesmo, **as persoas solicitantes poderán acceder por vía electrónica ao seu expediente**, a través da aplicación Fondolibros, empregando a Chave 365 ou o certificado dixital.

San Vicente, 22 de maio de 2023

Ana García Lenza
Secretaria